

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (1)

Escrito por **Fcarballo** el 05-09-2019 en

FRANCISCO CARBALLO (1925-2014)

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO DE MACEDA



Copyright de Xan Carballa

SÁBADO 14 DE SETEMBRO ÁS 13 HORAS

PROGRAMACIÓN:

Intervención de Santiago Prol, Presidente da Asociación de Amigos de Francisco Carballo.
Descubrimento da placa.
Intervención do Sr. Alcalde de Maceda, Rubén Quintas Rodríguez.
Actuación da Banda de Gaitas de Maceda durante o acto.



Concello de
Maceda

CONCELLERÍA DE CULTURA

O Concello de Maceda tivo a ben aprobar recentemente -en pleno- a execución da colocación da placa na Praza dedicada a Francisco Carballo, que xa fora proposta e aceptada ao remate da segunda lexislatura abandeirada por Xabier Oviedo como alcalde de Maceda (2011-15). Ubicada diante da Biblioteca Pública de Maceda, que tamén leva o seu nome, o acto do descubrimento da placa levarase adiante o sábado, 14 de setembro deste 2019, ás 13 horas. Nel intervirá o mantedor desta bitácora (Santiago Prol), na

súa condición de presidente da Asociación Amigos de Francisco Carballo (AAFC), que fará unha evocación ás súas orixes, ao seu lugar, da súa paixón polos cabalos, a súa fascinación polas feiras de Maceda, da preceptoría asentada naquela altura no Santuario dos Milagres (Monte Medo); mesmo do seu pensamento, compromiso político, social e relixioso... Outrosí intervirá o actual alcalde presidente do Concello de Maceda, Rubén Quintas Rodríguez que fará o propio no seu recoñecemento institucional ao noso fillo sobranceiro. A Banda de Gaitas de Maceda interpretará o solemne Himno do Antigo Reino de Galiza, que tanto lle gorentaba ao presbítero ilustrado de Maceda. Pechará o acto oficial a banda co Himno Galego e, ao remate, agasallarán aos presentes cun petisco regado cun viño do país, mesmo para compartir o seu legado e a súa memoria con xestos de confraternidade. Dente esta bitácora e dende a AAFC invitamos aos familiares, amigos, veciños, representantes políticos e xentes de ben vencellados con Francisco Carballo, para que teñan a ben acompañarnos neste acto vindicativo de recoñecemento ao noso teólogo e historiador. Beizón a tod@s!

B.N.- Escollemos intencionadamente esta iconográfica foto, autoría do prestixioso xornalista e fotoperiodista Xan Carballa (coautor con Santiago Prol do libro "Conversas con Francisco Carballo", ANT, 2002). Nesta imaxe podemos ollar a Carballo na Rúa Príncipe de Vigo a mediados dos anos 80, quizabes na súa mellor etapa biográfica a todos os niveis. Agracecémoslle dende a bitácora a Xan Carballa a cesión desta imaxe para o cartaz e para o díptico que imos repartir entre os presentes o 14 de setembro en Maceda e que vulgarizaremos en próximas achegas na bitácora. Beizón Xan!

Eis o enlace á marcha procesional do Antigo Reino de Galiza: <https://www.youtube.com/watch?v=QiQz9vR0Zts>

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (2)

Escrito por **Fcarballo** el 06-09-2019 en



O día 14 deste mes de setembro, denantes de comezar o acto ás 13 horas, repartirase entre @s presentes un díptico no que vai imprentada a Autobiografía que o propio Francisco Carballo tivo a ben inserir na súa entrada na web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (www.aelg.gal). Imos reproducila na bitácora -levemente modificada- en dúas achegas:

FRANCISCO CARBALLO (1925-2014)

"Nacido o 8 de marzo de 1925 no lugar de Celeirón (parroquia de Asadur, Maceda - Ourense). O cuarto de sete irmáns (4 homes e 3 mulleres). Lembraba a súa infancia como inocencia, xogo e escola á que foi aos 5 anos; fixo a 1ª comunión aos 6. Montou a cabalo dende sempre, porque o levaban de neno e sabía montar dende os 3 anos. Foi unha infancia divertida; a escola tenra; as feiras de Maceda os 4 e os 20, unha ilusión; os xogos na "carreira"

continuos; a familia, un fogar entretido. Perdeu, por falecemento, a irmá maior cando tiña el 7 anos: foi moi amargo. Aos 11 anos pediu estudar nos Milagres - un santuario con preceptoría a 6 km. da casa. No 2º curso, no verán, faleceu seu pai: moi duro trance. Seguiu estudos. Aos 16 anos optou por un noviciado de paúles. 4 anos en Madrid máis 4 en Cuenca no máis puro "nacionalcatolicismo". Internado filosófico atroz. O teolóxico resultou amábel. Presbítero aos 24 anos (3 de xullo de 1949).

Profesor de seminario -cursos de Filosofía- e estudante de Historia na Complutense (Madrid). Licenciado en 1954 con sobresaliente. Iniciou o doutorado a compatibilizar como director do colexio San Narciso de Marín, (1954-1958). Logo director en Barakaldo (1958-1965). No 1965 reitor do teologado de paúles en Salamanca. Renovación teolóxica ao ar do Concilio Vaticano II. Así 8 anos decisivos para mudar de mentalidade.

No 1973 decidiu voltar ao País. Vigo como domicilio; profesor da E.U. de Maxisterio e horas no Politécnico. Profesor e animador cultural, político e relixioso. Actividade relixiosa na Igrexa galega dos "Coloquios", de Irimia, etc. En Vigo había cregos obreiros e con eles viviu. Actividade cultural directa no barrio de Lavadores e na Asociación Cultural de Vigo que presidiu varios anos. Cofundador e presidente de Promocións Culturais Galegas (1977), editora d'A Nosa Terra. En política tomou parte na AN-PG e logo no BNG. Como escritor comezou en revistas relixiosas nos anos 1946-49. Logo publicou *O Santuario do Monte Medo*, que se esgotou nos anos 60. Ademais dos libros referidos na bibliografía, en Salamanca editou outros dous. Ten varias monografías en números extra d'ANT, ensaios en revistas internacionais. Escribiu semanalmente no periódico ANT recensións de libros e columnas de opinión (...)"

N.B.- A ilustración desta achega amosa o deseño definitivo da placa que se vai pendurar o 14 de setembro deste 2019 na Praza Francisco Carballo de Maceda, diante da biblioteca pública que mesmo leva o seu nome.

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (3)

Escrito por **Fcarballo** el 10-09-2019 en



FRANCISCO CARBALLO (1925-2014)



Copyright de Xan Carballa

CONCELLERÍA DE CULTURA



CONCELLO DE
MACEDA

Achegamos hoxe portada e contraportada do díptico que a Concellería de Cultura do Concello de Maceda tivo a ben imprimir e que se distribuirá o sábado, 14 de setembro á unha da tarde, denantes do comezo do acto da descuberta da placa. Outrosí a segunda parte da autobiografía que o propio Francisco Carballo pendurou na web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e que vai completa nas dúas páxinas interiores do díptico, xunto co programa que xa avanzamos na primeira e segunda achegas:

"Desvelou a súa interioridade en ***Conversas con Francisco Carballo*** (ANT, 2002), obra de Santiago Prol e Xan Carballa. A esas conversas se remite. Toda a súa actividade estivo sempre arredor da historia, da reflexión teolóxica e do vivir dun galego crente. Amou a montaña, o mar, o silencio das noites de luar e os días de choiva quente. Nos artigos en ANT e noutros medios, procurou combinar pensamento e bo expresar, gañando consciencia da lingua galega na que militou e quixo usar con rigor e estilo. Conservou o diario de

melancolía e soños desde os 16 anos que aos 60 botou ao lume; gardou algo dos anos 1963 e seguintes. Nos anos 90 redactou unhas *Memorias* que serviron a Santiago Prol e Xan Carballa para as *Conversas*; de vez en cando proseguíunas.

Viviou no Morrazo dende que se xubilou como profesor. Compartiu casa con paúles; estivo activo: ministerialmente coa pequena Igrexa galeguizada de Irimia; culturalmente, con colectivos, v.g. Fundación Joan Maragall, Maio Longo (Pontevedra), Pedra Longa (Marín), ANT e outros; intencionalmente, co BNG. Gustou da investigación e aceptou o ensaio como diálogo cos lectores. Como historiador publicou media ducia de libros capitais para a nosa memoria e unha ducia como coautor. Colaborou en A Trabe de Ouro, Seiva, Confer, Encrucillada, Anales C.M., Cadernos de Cultura ANT, etc. Escribiu semanalmente en ANT; periodicamente en A Peneira e ocasionalmente na prensa en xeral. Investigou sobre a Galiza Moderna e Contemporánea". Finou en Salamanca o 29 de novembro de 2014. Está soterrado na campa de Asadur (Maceda). Hogano a Asociación Amigos de Francisco Carballo mantén acesa a chama da súa memoria, mesmo coa bitácora www.fcarballo.blogspot.es

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (4)

Escrito por **Fcarballo** el 13-09-2019 en



Logo de saudar ás autoridades, representantes políticos, familia de Francisco Carballo, veciños e amigos presentes no acto [unhas 70 persoas] Santiago Prol, en nome da Asociación Amigos de Francisco Carballo, agradeceulle ao alcalde de Maceda, Rubén Quintas e á actual corporación municipal -ao completo- e ao anterior alcalde Xabier Oviedo e á corporación daquela altura (febreiro de 2015), que este recoñecemento sexa unha realidade integral. Denantes da súa intervención, leu a sentida mensaxe que lle enviou o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez Iglesias, ao non poder estar físicamente no acto:

Sinto moito non vos poder acompañar, por estar fóra do País. Parabéns pola iniciativa coa que honrades a súa memoria e facedes que sexa parte do noso presente a determinar o noso futuro, que acalma a nosa orfandade pola súa ausencia. Boto tanto en falta a súa sabedoría, a calidez da súa amizade fraterna, a súa sobria tenrura, a súa afouteza intelectual! A súa implicación en construír proxectos colectivos fixo del o

mestre necesario, o bo e xeneroso que di o noso himno nacional dos que día a día constrúen a nación. Parabéns por este acto de celebración da súa vida e da súa obra. A súa fértil conciencia abriu camiños que de certo el sabía nos levarán a que esta terra que el tanto amou, exerza o irrenunciábel dereito a poder determinar o seu futuro. Cunha aperta fraterna e nacionalista, Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

N.B.- Escollemos intencionadamente para esta achega unha foto do 4 de agosto de 2000, ao abeiro do Castelo de Maceda, cando lle fixemos a Francisco Carballo a homenaxe como o FILLO MÁIS SOBRANCEIRO VIVO DO CONCELLO DE MACEDA. Na cea de confraternidade, na que asisiran unhas 130 persoas, Cesáreo Sánchez Iglesias fixera outra loa moi acesa a prol do presbítero ilustrado de Maceda. Beizón!

Outrosí penduramos o enlace da nova que apareceu -logo do acto- no xornal La Voz de Galicia, xunto coa foto que o acompaña e na que podemos ollar xa descuberta a placa e á sobriña do presbítero ilustrado de Maceda, Milagros Calvo Carballo, co alcalde de Maceda, Rubén Quintas (á esquerda da imaxe) e con Santiago Prol, o mantedor desta bitácora:



COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (5)

Escrito por **Fcarballo** el 16-09-2019 en



Despois de escoitar o solemne Himno do Antigo Reino de Galiza que tanto lle gorentaba a Carballo -nunha loábel interpretación da banda de gaitas de Maceda- e de ler a sentida mensaxe do presidente da AELG, repartiuse o díptico entre os presentes. Escollemos unha das fotos iconográficas que lle tirara Xan Carballeira na rúa Príncipe de Vigo a mediados dos anos 80, cun Carballo pletórico e transgresor para os parámetros convencionais daquela época. Santiago Prol leu só o primeiro parágrafo da autobiografía (reproducida no díptico e que el publicara na súa entrada en www.aelg.gal). Francisco Carballo falaba da súa infancia no lugar de Celeirón (niño de reiseñores), da parroquia de Asadur, da familia, das feiras de Maceda, dos xogos, da escola republicana e de que montou a cabalo dende sempre, pois sabía montar dende os tres anos. No libro de Conversas (ANT, 2002) díxonos que o que

más botaba en falta no Morrazo naquela altura –tiña 76 anos- era non ter un cabalo: “Os meus curmáns dedicábanse a vender e a mercar gando, como todos os Solveiras. Nós tiñamos cabalo na casa. Os nosos parentes viñan na primavera coas greas de gando, maiormente poldros e cabalos, para que engordasen e se vigorizasen e logo vendíanos na feira de Maceda. Eramos bos xinetes e a miña ilusión, aínda hoxe, sería ter un cabalo. Nós nacemos nos cabalos, era algo consubstancial ao noso tempo”.



N.B.- Inserimos nesta achega dúas fotos tiradas no acto. Na primeira aparece a banda de gaitas de Maceda e na segunda a placa -co fondo azul da nosa bandeira- xa pendurada na praza que leva o nome do presbítero ilustrado de Maceda.

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (6)

Escrito por **Fcarballo** el 17-09-2019 en



Sinalou despois o mantedor desta bitácora que Francisco Carballo foi un adiantado en moitas fronteas: primeiro paúl licenciado en Historia no Estado español, director do colexio dos paúis en Marín moi novo (tiña 29 anos), director en Barakaldo -colexio dos paúis no barrio de Beurko- con 33 anos (1958-65) -o seu mellor feito histórico baixo os parámetros daquel nacional catolicismo coas misións populares no día a día da xente-, reitor do teologado de Salamanca con 40 anos (1965-73) e coa renovación teolóxica ao ar do Vaticano II, que lle axudou a mudar a mentalidade. No verán de 1973, con 48 anos de idade, decidiu dar un xiro copernicano á súa vida e regresou ao Noso País, a Vigo pra vivir nun piso de curas obreiros (el que puido ser bispo e

chegar onde chegou outro egregio relixioso macedán, o cardeal Quiroga Palacios). Alí, na fronteira do eclesial e no corazón do debate social, procurou unha inmersión global na sociedade: política, docencia, investigación histórica, cultura, xornalismo, mundo editorial, inculturación da Igrexa galega arredor de Irimia...



N.B.- Na primeira imaxe aparece o alcalde de Maceda, Rubén Quintas -coa sobriña do homenaxeado, Milagros Calvo Carballo- e, ao fondo, parte da xente de ben presente no acto: familiares, veciños, amigos e representantes políticos de Maceda. Na segunda imaxe podemos ollar á sobriña de Carballo descubrindo a placa.

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (7)

Escrito por **Fcarballo** el 18-09-2019 en



Lembrou logo o mantedor desta bitácora que no libro de Conversas (ANT, 2002) lle comentaran que había xente que o identificaba cos “Cristiáns polo socialismo” que se crearan en 1974 e que tiñan en Galiza ao crego Celso Montero como delegado principal. Francisco Carballo engadiu: “Naquel tempo eu vía con bos ollos unha recuperación do socialismo, pero nunca me metín nese movemento. Hoxe o socialismo histórico e o comunismo fracasaron, pero a inspiración non. Hai que crear unha alternativa a este capitalismo salvaxe e pódese chamar socialista. Non temos ningunha experiencia mundial, temos o fracaso histórico das formas que adoptou, tanto a comunista como a socialdemócrata, na que queda unha levísima esperanza. Pero non nas formas que adopta a terceira vía, a terceira esquerda, o liberalismo libertario... puro artificio lingüístico. Hai que crear unha alternativa seria de igualdade, de paz, que xa estaba nos pensamentos filosóficos con Marx e despois de Marx. Para min a mellor formulación de todo isto é a da escola de Frankfurt, de Adorno, de Marcuse, como pensamento filosófico-político co que debe dialogar o cristianismo. E, ao lado de todo isto, a fórmula da Teoloxía da Liberación en

Latinoamérica. Son as máis avanzadas. Como vedes estou nunha postura, politicamente falando, de búsqueda. Ás veces escribo que o nacionalismo galego debe reelaborar estas cuestións, porque a socialdemocracia non é satisfactoria”. ¡Carballo en estado puro!



N.B.- Na primeira imaxe podemos ollar parte da banda de gaitas de Maceda interpretando - ao comezo do acto- a marcha procesional do Antigo Reino de Galiza. Tamén aparecen o alcalde Maceda, Rubén Quintas e Santiago Prol representando á Asociación Amigos de Francisco Carballo. Na segunda imaxe, coa sobriña Milagros Calvo Carballo en primeiro plano, podemos ollar parte do público presente, entre o que se atopaba xente dos cinco partidos políticos con representación institucional no Concello de Maceda. Beizón a todos el@s pola súa presenza no acto, á familia e ao público en xeral.

COLOCACIÓN DA PLACA NA PRAZA FRANCISCO CARBALLO (e 8)

Escrito por **Fcarballo** el 18-09-2019 en



Despois do breve relato do mantedor desta bitácora, o alcalde de Maceda invitou á sobriña de Francisco Carballo, Milagros Calvo, para que descubrixe a placa. O texto consensuado foi: "PRAZA FRANCISCO CARBALLO, un referente na conformación dun proxecto histórico, social e cultural para Galiza", nun metacrilato azul como o da nosa bandeira. Logo o rexedor Rubén Quintas invocou a ese espírito de concordia e colaboración que debemos ter entre todos para obter causas comúns, que mesmo redunden en beneficio da comunidade de Maceda. Que toda a corporación municipal actual estivese representada na súa integridade no acto, significa que se pode chegar a acordos e consensos máis alá das siglas de cada quen. Dende esta bitácora queremos agradecerlle ao alcalde, ao departamento de Cultura, aos

representantes políticos presentes, á familia, amigos e veciños en xeral, que o nome de Francisco Carballo amose ese espírito de concordia do que falabamos antes. Beizón!





N.B.- A primeira e segunda imaxes (e as dúas últimas) foron cedidas polo departamento de Cultura do Concello de Maceda ao que lle queremos agradecer a cesión. Nas primeiras aparece o alcalde, Rubén Quintas e a sobriña de Francisco Carballo. A terceira imaxe, xunto con outras anteriores, foron tiradas polo doutor Celso Sánchez. As dúas últimas amosan a parte do público presente no acto.

